



| Guía Docente          |  |                    |  |           |
|-----------------------|--|--------------------|--|-----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2024/25   |
| Asignatura (*)        | Representación e Xestión de Datos Espazo-Temporais   |                    | Código   | 614G02035 |
| Titulación            | Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos   |                    |  |           |
| Descriptores          |  |                    |  |           |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Cuarto             | Optativa   | 6         |
| Idioma                | Castelán   |                    |  |           |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |           |
| Prerrequisitos        |  |                    |  |           |
| Departamento          | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información   |                    |  |           |
| Coordinación          | Seco Naveiras, Diego   | Correo electrónico | diego.seco@udc.es                                |           |
| Profesorado           | Seco Naveiras, Diego<br>Varela Rodeiro, Tirso  | Correo electrónico | diego.seco@udc.es<br>tirso.varela.rodeiro@udc.es |           |
| Web                   |  |                    |  |           |
| Descripción xeral     | A materia introduce os conceptos fundamentais do tratamento de datos espaciais e espazo-temporais. Trata desde modelos conceptuais ata aspectos físicos para o manexo da información espazo-temporal. En concreto, introdúcense os conceptos básicos para a modelización da información espazo-temporal, as extensións dos modelos clásicos de bases de datos para incorporar tipos de datos espazo-temporais, así como os métodos de indexación e procesamiento de consultas. |                    |  |           |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A7                                  | CE7 - Coñecemento das características, funcionalidades e arquitectura dos sistemas de xestión de bases de datos.   |
| A8                                  | CE8 - Coñecemento e aplicación de conceptos e técnicas relativos ao deseño, implementación e explotación de bases de datos.  |
| B2                                  | CB2 - Que os estudantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3                                  | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética                                  |
| B4                                  | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |
| B7                                  | CG2 - Elaborar adecuadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, proxectos de traballo, artigos científicos e formular hipóteses razonables.  |
| B8                                  | CG3 - Ser capaz de manter e estender formulacións teóricas fundadas para permitir a introdución e explotación de tecnoloxías novas e avanzadas no campo.   |
| B9                                  | CG4 - Capacidade para abordar con éxito todas as etapas dun proxecto de datos: exploración previa dos datos, preprocesado, análise, visualización e comunicación de resultados.  |
| B10                                 | CG5 - Ser capaz de traballar en equipo, especialmente de carácter multidisciplinar, e ser hábiles na xestión do tempo, persoas e toma de decisións.  |
| C1                                  | CT1 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                                  | CT4 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe   |  |                                     |
|---|--|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe   |  | Competencias / Resultados do título |
| Coñecer as alternativas para representar información espacial e espazo-temporal en computadores utilizando tecnoloxías de sistemas de información xeográfica. |  | A7    B2    C1<br>A8    B3          |



|  |          |                 |    |
|--|----------|-----------------|----|
| Coñecer as técnicas para representar e consultar de forma eficiente a información espacial e espazo-temporal.  | A8       | B8<br>B9<br>B10 |    |
| Saber deseñar e construír bases de datos para representar información espacial e espazo-temporal.  | A7<br>A8 | B4<br>B7        |    |
| Saber utilizar alternativas ao modelo relacional para representar e consultar información espacial e espazo-temporal.  | A8       | B2              | C4 |
| Coñecer os fundamentos da representación de traxectorias obtidas a partir de dispositivos multipropósito xeolocalizados para a recollida e entrega continua de datos e a súa análise dentro dos almacéns de datos. | A7<br>A8 | B3              | C4 |

## Contidos

| Temas  | Subtemas  |
|--|---|
| Modelado conceptual  | Conceptos básicos de sistemas de referencia espaciais<br>Representación conceptual da información xeográfica (obxectos, campos e redes xeográficas)<br>Representación conceptual da información espazo-temporal (obxectos en movemento)           |
| Modelado lóxico  | Representación lóxica da información xeográfica (modelo vectorial, modelo ráster, grafos)<br>Modelos vectoriais (modelo espagueti e modelo topolóxico)<br>Modelos ráster<br>Modelos orientados a grafos<br>Modelos de información espazo-temporal |
| Modelado físico  | Representación física e indexación da información espacial e espazo-temporal<br>Creación de bases de datos relacionais<br>Creación de bases de datos non relacionais  |
| Big Data producido por obxectos móveis e dispositivos multipropósito | Representación de traxectorias en bruto<br>Anotación de traxectorias semánticas<br>Almacenamento de traxectorias en almacéns de datos   |
| Consulta de datos de mobilidade                                      | Consulta de información xeográfica no modelo vectorial<br>Consulta de información xeográfica no modelo ráster<br>Consulta de información xeográfica en modelos orientados a grafos<br>Análise de información espazo-temporal                      |

## Planificación

| Metodoloxías / probas     | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|---------------------------|-----------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Prácticas a través de TIC | A7 A8 B2 B4 B7 B8<br>C1 C4  | 10                                      | 26                      | 36           |
| Solución de problemas     | B2 B3 B4 B7 C1 C4           | 10                                      | 30                      | 40           |
| Traballos tutelados       | B2 B3 B4 B7 B8 B9<br>B10 C1 | 1                                       | 27                      | 28           |
| Proba mixta               | A7 A8 B4 B7                 | 2                                       | 0                       | 2            |
| Sesión maxistral          | A7 A8 B3 C4                 | 21                                      | 19                      | 40           |
| Atención personalizada    |                             | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

| Metodoloxías | Descripción |
|--------------|-------------|
|              |             |



|                           |  |
|---------------------------|--|
| Prácticas a través de TIC | Plantexaranse problemas específicos a resolver polo alumnado utilizando as técnicas e ferramentas vistas na materia.       |
| Solución de problemas     | Presentación ao alumnado de casos concretos para a súa análise e resolución.   |
| Traballos tutelados       | O alumnado deberá proponer e desenvolver a resolución a un problema de representación e xestión de datos espazo-temporais. |
| Proba mixta               | Realización dunha proba escrita individual na que se avaliarán os conceptos explicados na materia.                         |
| Sesión maxistral          | Exposición dos contidos teóricos fundamentais da materia, en combinación con aspectos de aplicación práctica.              |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías              | Descripción   |
|---------------------------|---|
| Solución de problemas     | Nas prácticas e traballos tutelados realizarase un seguimiento individualizado das tarefas realizadas por parte do alumnado. O profesor resolverá dúbihdas e proporá melloras a cada estudiante ou grupo. |
| Traballos tutelados       |   |
| Prácticas a través de TIC | Na exposición de problemas, o profesor debatirá co alumnado as posibles solucións.  |

**Avaliación**

| Metodoloxías          | Competencias / Resultados   | Descripción   | Cualificación |
|-----------------------|-----------------------------|---|---------------|
| Solución de problemas | B2 B3 B4 B7 C1 C4           | Realización das tarefas prácticas propostas.                      | 40            |
| Traballos tutelados   | B2 B3 B4 B7 B8 B9<br>B10 C1 | Avaliarse a calidade do traballo realizado e a súa xustificación. | 30            |
| Proba mixta           | A7 A8 B4 B7                 | Proba individual escrita, sobre os contidos da materia.           | 30            |

**Observacións avaliación**



#### PRIMEIRA OPORTUNIDADE

Para aprobar a materia é necesario obter unha cualificación global superior a 5, e ademais:

Unha NOTA MÍNIMA de 2 (sobre 4) na solución de problemas. Unha NOTA MÍNIMA de 1 (sobre 3) nos traballos tutelados. Unha NOTA MÍNIMA de 1,5 (sobre 3) na proba mixta. De non obter algúns destas notas mínimas, a nota máxima global da materia non será superior a un 4,5.

Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudiante que non realice a proba mixta.

#### SEGUNDA OPORTUNIDADE

Poderán

presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudiantes que non superasen a materia na primeira oportunidade. A recuperación de cada unha das partes farase da seguinte forma:

Traballos

tutelados: poderán recuperarse no caso de que non foran entregados ou non se acadase a nota mínima na primeira oportunidade. Solución de problemas: cada práctica poderá recuperarse realizando unha nova entrega na segunda oportunidade. Proba mixta: poderá recuperarse realizando o exame, nas mesmas condicións que na primeira oportunidade. Se un/unha estudiante decide non realizar a recuperación de algunha das partes, conservará a nota obtida na primeira oportunidade nesa parte. Na segunda oportunidade mantéñense as mesmas porcentaxes de avaliación e notas mínimas da primeira oportunidade. Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudiante que non opte á recuperación de ningunha das partes.

#### NORMATIVA ACADÉMICA

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

#### Fontes de información

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía básica         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Michael F. Worboys, Matt Duckham (2004). GIS: A Computing Perspective. CRC Press</li><li>- Philippe Rigaux, Michel Scholl and Agnès Voisard (2002). Spatial Databases With Application to GIS. Morgan Kaufmann</li></ul>   |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"><li>- Yannis Manolopoulos, Apostolos Papadopoulos, Michael Vassilakopoulos (2005). Spatial Databases: Technologies, Techniques and Trends. Idea Group (IGI)</li><li>- Joel Lawhead (2019). Learning Geospatial Analysis with Python: Understand GIS fundamentals and perform remote sensing data analysis using Python 3.7, 3rd Edition. Packt</li><li>- David S. Jordan (2023). Applied Geospatial Data Science with Python: Leverage geospatial data analysis and modeling to find unique solutions to environmental problems. Packt</li></ul> |

#### Recomendacións

##### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Modelaxe de Bases de Datos/614G02016

Introdución ás Bases de Datos/614G02008

##### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

##### Materias que continúan o temario

#### Observacións

Perspectiva de xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (uso de linguaxe non sexista, etc.) traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influir na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Tratarase de detectar situacíons de discriminación por razón de xénero e de propor accións e medidas para corrixilas.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías